

## ABAU XUÑO 2019

Xa se achega a ABAU! É normal que te sintas algo nervios@ pero lembra que entre o 80 e o 90% do alumnado pasa con éxito estas probas. Aquí che van unhas recomendacións:

Ante todo, tranquilidade, porque é o momento de repasar todo o estudado ao longo do curso.

- Fai un calendario e **planifica** as horas de estudo.
- Fai exercicio físico (relaxa).
- O día de antes do exame deberías **descansar**.

E, por fin, os exames! Nada de chegar tarde (incrementa o nerviosismo) ou de esquecerse o **DNI**. Unha vez sentado/a fronte ao exercicio, convén **escoitar as instrucións** do tribunal e **ler atentamente** as preguntas, para ter claro o que se nos está pedindo exactamente. O mellor é distribuír o **tempo** (leva reloxo) e comezar polas preguntas máis fáciles, sen pasar nunca por alto unha coidada **presentación** (o que inclúe unha correcta **ortografía**) e a claridade de ideas.

### Aclaracións referidas ao formato dos exames:

**Ao empezar as probas recibirás unhas pegatinas de código de barras que te identifican (son persoais e intransferibles). Non as dobres nin as deixes en calquera parte.**

**Recibirás un caderno de exame: portada+7 páxinas en branco. Tamén unha cabeceira adhesiva para poñer na portada.**

**En cada exercicio só podes utilizar un caderno de exame (non se pode engadir nin sacar follas).**

**Cada exercicio presenta dúas opcións A ou B (marcas a que escollas cun x na portada do caderno de exame).**

**Se non te presentas a algún dos exercicios da parte obrigatoria, ese exame computará como "0" no cálculo da nota media.**

**ÁNIMO!!!**

Tes toda esta información na [aula virtual](#)

***Datas de interese:***

MAIO	XUÑO /XULLO
<p>Do <b>23 ao 27</b> terás que facer en secretaría:</p> <p>Depósito do Título Prematrícula ABAU (NERTA*)</p> <p><u>Documentación que precisas:</u></p> <p>-Fotocopia DNI</p> <p>-Resgardo de ter aboado os prezos de matrícula (63,67 euros/ para familias numerosas é gratuíta ou pagan menos).</p> <p>-Impreso de matrícula cuberto.</p> <p>-Certificación de ter feito o depósito do título de BAC</p>	<p><b>12-13-14 XUÑO ABAU</b></p> <p><b>21 xuño</b> publicación das cualificacións (recibiralas por e-mail ). A partir das 20.00 h.</p> <p><b>22 ao 26 xuño</b> solicitudes de reclamación ou 2ª corrección.</p> <p><b>24 xuño ao 2 xullo</b> solicitude de admisión (preinscrición) para cursar estudos universitarios de grao. Podes facela a través da aplicación Nerta*</p>

- <http://www.edu.xunta.es/nerta/>

**En NERTA terás que facer a prematrícula da ABAU e a preinscrición na Universidade.**

No momento da matrícula da ABAU no centro, xerárase unha solicitude de conta de usuario para poder acceder a Nerta automaticamente. Recibirás na túa conta de correo electrónico información cos pasos a seguir para completar a activación da conta de usuario solicitada. Todas as contas de usuario de Nerta xestionáranse de maneira independente na aplicación <https://www.edu.xunta.es/contausuario>, nesta aplicación podes activar a conta, cambiar o contrasinal, desbloquear a conta, etc.

As incidencias que poidan xurdir relativas a esta aplicación deberán dirixirse á UAC (Unidade Atención a Centros teléfono: 881 997701).

**HORARIO ABAU 2019**

<b>PRIMEIRO DÍA (12 XUÑO)</b>	
<b>MAÑÁ:</b> <b>9:00</b> Presentación <b>10:00</b> Lingua Castelá e Literatura <b>11:30</b> <i>Descanso</i> <b>12:00</b> Historia de España <b>13:30</b> <i>Fin da sesión</i>	<b>TARDE:</b> <b>15:30</b> Lingua Galega e Literatura <b>17:00</b> <i>Descanso.</i>  <b>17:30</b> Primeira Lingua Estranxeira II <b>19:00</b> <i>Fin da sesión.</i>
<b>SEGUNDO DÍA (13 XUÑO)</b>	
<b>MAÑÁ:</b> <b>9:00</b> Matemáticas APL. CCSS/ Fundamentos da Arte II <b>10:30</b> <i>Descanso.</i> <b>11:00</b> Matemáticas II / Latín II <b>12:30</b> <i>Descanso.</i> <b>13:00</b> Debuxo Técnico II/ Artes Escénicas // Segunda Lingua Estranxeira II <b>14:30</b> <i>Fin da sesión.</i>	<b>TARDE:</b> <b>16:00</b> Física / Xeografía /Cultura Audiovisual II <b>17:30</b> <i>Descanso.</i> <b>18:00</b> Química/Grego II <b>19:30</b> <i>Fin da sesión.</i>
<b>TERCEIRO DÍA (14 XUÑO)</b>	
<b>MAÑÁ:</b> <b>9:00</b> Bioloxía / Hª da Arte <b>10:30</b> <i>Descanso.</i> <b>11:00</b> Xeoloxía/Hª da Filosofía <b>12:30</b> <i>Descanso.</i> <b>13:00</b> Economía da Empresa /Deseño <b>15:00</b> <i>Fin da sesión.</i>	

**Lugar de realización da ABAU: FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS Campus Sur (Santiago de Compostela). Teléfono: 881815125**

***Profesorado do centro que estará na ABAU: Ana Díaz Faraldo***

**Non te podes esquecer de levar o que precisas:** DNI, bolígrafos (azul/negro), calculadora, dicionarios de latín e grego, material de debuxo técnico ...

Lembra que non podes acceder con teléfonos móbiles, smartwatch nin outros dispositivos electrónicos (incluso apagados). E os pavillóns auditivos visibles.

## **PREINSCRICIÓN / MATRÍCULA NA UNIVERSIDADE**

***Unha vez que superaches a ABAU, PARABÉNS!!!!***

***Pero aínda che quedan dous pasos para ir á universidade:***

**1º paso.-TERÁS QUE FACER A PREINSCRICIÓN (SOLICITUDE DE ADMISIÓN) SE PENSAS CURSAR ESTUDOS DE GRAO.**

**CANDO?: do 24 xuño ao 2 de xullo**

**ONDE?:** A través da aplicación informática **NERTA** ou presentando unha solicitude debidamente cuberta nos **LERD** (lugares de entrega e recollida de información)

**<https://www.edu.xunta.es/nerta/alumnado>**

**COMO?:**

Cada alumno/a indicará *-por orde de preferencia-* ata **un máximo de cinco titulacións diferentes** nas que desexa matricularse, podendo chegar ata *un máximo de dez* se as solicitudes corresponden a *titulacións iguais* impartidas en diferentes centros.

É fundamental a **orde de preferencia**, posto que o alumno/a será admitido nunha única titulación, que será aquela de maior preferencia na que acade a nota do último alumno admitido. Unha vez admitido nunha titulación, o resto das titulacións solicitadas de menor

preferencia eliminaranse automaticamente da lista de agarda.

É imprescindible indicar correctamente o **código das titulacións** ás que se solicita acceso, xa que a asignación de prazas se leva a cabo informaticamente a partir deste código que indica o nome da titulación e o campus no que se imparte.

Na convocatoria extraordinaria non se ofertarán as titulacións que teñan todas as prazas esgotadas pola matrícula de xuño.

### **COMO SE CALCULA A NOTA DE ADMISIÓN?**

<b>Nota de admisión = 0,6 * NMB + 0,4 * P. O + a * M1 + b * M2</b>	
NMB =	Nota media do Bacharelato
P.O =	Cualificación da Parte Obrigatoria da ABAU
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de 2 das materias da Parte Voluntaria <b>e/ou da materia Troncal de Modalidade da Parte Obrigatoria</b> das que se examinase o/a alumno/a que proporcionen mellor nota de acceso.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria (0,1 ou 0,2)

### **2ºpaso.- TERÁS QUE MATRICULARTE**

#### **COMO É O PROCEDIMENTO DE MATRICULA EN TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS?**

##### **- Primeira convocatoria de matrícula:**

Se o solicitante aparece **convocado/a para matricularse na titulación da súa primeira preferencia, deberase matricular** no prazo establecido, do contrario **perderá todos os seus dereitos**.

Se o solicitante aparece **convocado/a para matricularse nunha titulación que non sexa a de primeira preferencia, poderá esperar a matricularse nela en tanto**

non se peche a matrícula nas titulacións solicitadas con maior preferencia. No caso de matricularse nela ou en calquera outra titulación sen límite de prazas, decae dos seus dereitos de continuar no proceso de ingreso en titulacións con límite de prazas.

**- Sucesivas convocatorias de matrícula:**

Despois da primeira convocatoria de matrícula poden quedar prazas vacantes como consecuencia de que algún dos alumnos convocados non formalice a súa matrícula. Neste caso, sobre as prazas vacantes realizarase unha reasignación automática de acordo cos mesmos criterios cos que se fixo a primeira convocatoria e convocaranse aos alumnos para formalizar a matrícula, nos sucesivos prazos sinalados no calendario de matrícula.

As sucesivas convocatorias anunciaranse nos LERD, na CiUG e na web da CiUG.

Nestas convocatorias sucesivas o alumnado pódese atopar nos seguintes supostos:

\* Se o alumno/a é **convocado/a para matricularse na titulación da súa primeira preferencia**, deberá facer a matrícula, pois do contrario perderá todos os seus dereitos.

***Nota:** Enténdese por primeira preferencia aquela que o alumno/a solicitou no primeiro lugar ou en lugares sucesivos no caso de se esgotaren as prazas ("peche") das titulacións solicitadas nas primeiras preferencias.*

\* Se o alumno/a é **convocado/a para matricularse nunha titulación de menor preferencia**, poderá facer a matrícula ou non.

*De facela*, a matrícula considerarase firme e non terá a oportunidade de cambiarse a outra titulación.

*De non facela*, poderá esperar a matricularse nunha titulación de maior preferencia ata o peche da matrícula nestas, o que se anunciará coa publicación dos sucesivos listados de admitidos e de espera.

**O peche de matrícula** dunha determinada titulación implica a desaparición automática das listas de espera, de xeito que non se volverá a abrir de novo a matrícula desa titulación.

## CANDO TE TES QUE MATRICULAR?

<b>16 xullo</b>	<b>1ª listaxe admitidos</b>
<b>17-19 de xullo</b>	<b>1º prazo de matrícula</b>
<b>22 xullo</b>	<b>2ª listaxe admitidos</b>
<b>23-26 de xullo</b>	<b>2º prazo de matrícula</b>
<b>30 de xullo</b>	<b>3ª listaxe admitidos</b>
<b>31 – 2 de agosto</b>	<b>3º prazo de matrícula</b>
<b>20 agosto</b>	<b>4ª listaxe admitidos</b>
<b>21- 23 de agosto</b>	<b>4º prazo de matrícula</b>
<b>27 de agosto</b>	<b>5ª listaxe admitidos</b>
<b>28 – 30 de agosto</b>	<b>5º prazo de matrícula ...</b>
<b>3 de setembro</b>	<b>6ª listaxe admitidos</b>
<b>4-6 de setembro</b>	<b>6º prazo de matrícula</b>
<b>10 de setembro</b>	<b>7ª listaxe admitidos</b>
<b>11-13 de setembro</b>	<b>7º prazo de matrícula (derradeiro)</b>
<b>A partir do 16 de setembro</b>	<b>Chamamentos en función de vacantes producidas</b>

## ONDE TES QUE FORMALIZAR A MATRÍCULA?:

UNIVERSIDADE DA CORUÑA:

<https://matricula.udc.es/matriculaprimeiro/>

-UNIVERSIDADE DE VIGO:

<https://matricula.uvigo.es/matriculaprimeiro/>

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO:

<https://matricula.usc.es/matriculaPrimeiro/>

## TELÉFONOS DE INTERESE/BECAS/ CS de FP ...

Información sobre a ABAU e preinscripción na universidade:

[CIUG 881 813 452](http://ciug.cesga.es/) <http://ciug.cesga.es/>

Se precisas información sobre a matrícula na universidade:

USC: OIU (oficina de información universitaria)

Santiago de Compostela: 881 81 20 00 Lugo: 982 820532

U. A Coruña SAPE: Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante

U. da Coruña: 981 167000 Ext 2900 Ferrol: 981 167000 Ext 3675

U. VIGO: SIE (Sección de Información ao Estudante).

Vigo: 986 81 36 30 Ourense 988 38 71 02

Pontevedra: 986 80 19 49

**BECAS:** <http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/estudiantes/becas-ayudas/para-estudiar.html>

**OUTRAS AXUDAS:**

[https://www.usc.es/gl/servizos/oiu/Bolsas\\_estudiosuniv.html](https://www.usc.es/gl/servizos/oiu/Bolsas_estudiosuniv.html)

**ADMISIÓN CICLOS DE FP:** <http://www.edu.xunta.es/fp/admision-grao-superior>

**INFORMACIÓN SOBRE TODAS AS FAMILIAS PROFESIONAIS E CICLOS DE FP:** <http://www.edu.xunta.es/fp/folletos-informativos-fp>